



TAREFA 1: "IGUALDADE NAS RÚAS"

# TAREFA 1

## CLUB DE LETRAS

1º TRIMESTRE (CURSO 22-23)

3º e 4º de Educación Primaria





## TAREFA 1: "IGUALDADE NAS RÚAS"

### 1.IDENTIFICACIÓN

#### TÍTULO DA TAREFA: "IGUALDADE NAS RÚAS"

<b>ETAPA</b>	Educación Primaria.	<b>NIVEL</b>	3º E 4º
<b>ÁREA/S</b>	Lengua Castellana, Lingua Galega , Ciencias Naturais , Ciencias Sociais, Proxecto Competencial.	<b>MESTRES</b>	MARTA ALVAREZ IGLESIAS

#### DESCRICIÓN DA TAREFA:

Investigar sobre mulleres pioneiras galegas para propoñer ao concello rúas e/ou espazos públicos con nomes de muller e elaborar a sección "Que está pasando?" do programa de radio quincenal "A voz de Athenea", para compartir coa Comunidade Educativa.

Con esta tarefa levamos ao alumnado a reflexionar sobre a importancia de formar parte de plans de acción reais na nosa localidade, que neste caso contribuen especialmente, ao desenvolvementos dos ODS 5 e 10.



#### XUSTIFICACIÓN DA TAREFA:



## TAREFA 1: "IGUALDADE NAS RÚAS"

Investigar sobre mulleres pioneiras galegas para colaborar co concello na iniciativa de buscar propostas sobre mulleres importantes da historia, economía, movementos sociais, ciencia, cultura... para que exista máis presenza de mulleres nas rúas e espazos públicos de Tui e crear a sección dun programa de radio con outros cursos favorece a competencia en comunicación lingüística, dixital, cidadá, persoal, social e de aprender a aprender, así como a competencia emprendedora e a creatividade.

### CONTEXTO:

ÁMBITO CLUB DE LETRAS <https://www.youtube.com/watch?v=2geHJJE4txA>

## 2. CONCRECIÓN CURRICULAR (1)

ACTIVIDADES	CRITERIO AVALIACIÓN/ OBXECTIVO	INSTRUMENTO E PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN
<p><b>CÍRCULOS PROACTIVOS</b> para a mellora da convivencia (Esta actividade realízase ao comezo de cada sesión).</p> <p>Día 1: Di o nome dalguna rúa de Tui que conexas.</p> <p>Día 2: Que é a igualdade para ti?</p> <p>Día 3: Quen che gustaría que escoitase o noso programa de radio?</p>	<p><b>L.G.CA2.5.</b> Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística. (OBX3)</p>	<p>Rúbrica mediante observación directa.</p>



### TAREFA 1: "IGUALDADE NAS RÚAS"

<p>Día 4: Con que ODS relacionarías esta tarefa e porque?</p>		
<p>Esta actividade realizase en cada sesión despois de facer o círculo e ao rematar(metacognición):</p> <p>En Gran Grupo Organización do <b>PANEL SCRUM (ver anexo I)</b> :plan de traballo para o día.</p> <p><b>CADERNO DE EQUIPO.</b></p>	<p><b>PC.CA1.4.</b> Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. (OBX1)</p> <p><b>PC.CA1.5.</b> Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. (OBX1)</p> <p><b>CN.CA4.5.</b> Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.(OBX6)</p>	<p>Lista de cotexo mediante a observación directa.</p>
<p><b>1.</b> Visita da concelleira de Igualdade que nos ensina a seguinte noticia "Tui busca nomes de muller para as súas rúas e espazos públicos" e solicita colaboración.</p> <p>Rutina de Pensamento: "Antes pensaba- agora pensó".</p>	<p><b>CS.B.3.2.</b> Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.(OBX6)</p>	<p>Lista de cotexo mediante a observación directa.</p>
<p><b>2.</b> Analizar o ruego de Tui(analóxico e dixital) e clasificar as rúas segundo sexan nomes de home, muller ou outros.</p>	<p><b>LC.CA4.2.</b> Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e</p>	<p>Rúbrica mediante análise de documentos e desempeños e observación.</p>



### TAREFA 1: "IGUALDADE NAS RÚAS"

<p>Estructura cooptiva : Folio Xiratorio .</p>	<p>contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.(OBX 6)</p>	
<p>3. Elaborar gráficas(analóxicas e /ou dixitais) segundo os resultados obtidos na actividade anterior.</p>	<p><b>MAT.CA5.6.</b> Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá. (OBX5)</p>	<p>Escala de valoración mediante análise de produccions e a observación directa.</p>
<p>4. Seleccionar unha muller pioneira galega importante da historia, economía, movementos sociais, ciencia , cultura...e investigar sobre a súa vida e accións máis importantes.</p> <p>Lectura Compartida.</p>	<p><b>CN.CA4.1.</b> Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. (OBX6)</p>	<p>Escala de valoración mediante análise de produccions e observación directa.</p>
<p>5. Mapa mental e exposición do traballo realizado.</p>	<p><b>LG.CA3.7.</b> Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, individuais ou colectivos, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global do texto. (OBX5)</p>	<p>Rúbrica mediante análise de produccions e desempeños e observación directa.</p>



### TAREFA 1: "IGUALDADE NAS RÚAS"

<p>6. Cubrir o formulario na páxina do concello argumentando a proposta.</p>	<p>LG CA3.9. Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.(OBX 9)</p>	<p>Escala de valoración mediante análise de desempeños e observación directa.</p>
<p>7. Organizar a escaleta e gravar a sección do programa de radio "A voz de Athenea".</p>	<p>L.G CA2.5. Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.(OBX3)</p>	<p>Escala de valoración mediante análise de desempeños e observación directa.</p>
<p>8. Cubrir o tiket de saída para contestar as preguntas "que aprendemos?", "que foi o que máis nos gustou?", "que pensamos que se pode mellorar?".</p>	<p>PC. CA2.5. Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. (OBX 2)</p>	<p>Escala de valoración mediante análise de producións e observación directa.</p>

#### CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA

- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.
- Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.
- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.



### TAREFA 1: "IGUALDADE NAS RÚAS"

- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, presentacións, murais...).
- Producción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global de textos orais e multimodais sinxelos.
- Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.
- Formulación en equipo, a partir de modelos, de problemas relacionados co contexto próximo nos que interveña a lectura, interpretación ou representación de gráficas .

## 3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)

ACTIVIDADES	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	EXERCICIO 4
<p><b>Círculos Proactivos</b> para a mellora da convivencia(Esta actividade realízase ao comezo de cada sesión).</p> <p>Día 1: Cal é o teu programa de radio favorito?</p> <p>Que é a radio para ti?</p>	<p>Situados en círculo a mestra fai unha pregunta e presenta a pelota como obxecto facilitador da palabra. Soamente fala o que ten a pelota.</p>	<p>Tod@s os membros do círculo deben participar seguindo por orde e seguindo o sentido das agullas do reloxo.</p>		



### TAREFA 1: “IGUALDADE NAS RÚAS”

<p>Día 2:Coñeces alguna revista?Cal?</p> <p>Día 3:Quen che gustaría que escoitase o nosos programa de radio?</p> <p>Día 4: A quen che gustaría ensinar a nosa revista?</p>				
<p>Esta actividade realizase en cada sesión despois de facer o círculo e ao rematar(metacognición):</p> <p>En Gran Grupo Organización <b>do Panel SCRUM</b> :plan de traballo para o día.</p> <p><b>CADERNO DE EQUIPO.</b></p>	<p>Planificar en gran grupo os pasos do traballo diario no Panel SCRUM ao comezo da sesión.</p>	<p>Revisar en gran grupo os pasos do traballo diario e indicar no Panel SCRUM se eses pasos están conseguidos, en proceso ou pendentes . Anotar dificultades e posibles modificacións.</p>	<p>Organizar e cubrir o caderno de equipo.</p>	
<p><b>1.</b> Visita da concelleira de Igualdade que nos ensina a seguinte noticia “Tui busca nomes de muller para as súas rúas e espazos públicos” e solicita colaboración.</p> <p>Rutina de Pensamento: ANTES PENSABA - AGORA PENSO</p>	<p><b>1.1</b> Coñecer a proposta que nos ensina a concelleira de Igualdade e comprometerse a colaborar coa iniciativa.</p>	<p><b>1.2</b> Conversa sobre a proposta.</p>	<p><b>1.3</b> Rutina de pensamento: Antes pensaba – Agora penso.</p>	
<p><b>2.</b> Analizar o ruego de Tui e clasificar as rúas segundo sexan nomes de home, muller ou outros.</p> <p>Estructura coopertiva : Folio Xiratorio .</p>	<p><b>2.1.</b> Presentación do ruego(dixital e analóxico).</p>	<p><b>2.2.</b> Análisis do ruego. Buscar nomes de rúas.</p>	<p><b>2.3.</b> Clasificar as rúas segundo sexan nomes de home, muller ou outrosnunha táboa.</p>	





### TAREFA 1: "IGUALDADE NAS RÚAS"

<p>3. Elaborar gráficas(analóxicas e /ou dixitais) segundo os resultados obtidos na actividade anterior.</p>	<p>3.1. Coñecer diferentes maneiras de elaborar gráficas.</p>	<p>3.2. Elaborar as gráficas cos recursos diversos (policubos, tablets, lego...) e expouer os resultados.</p>		
<p>4. Seleccionar unha muller pioneira galega importante da historia, economía, movementos sociais, ciencia , cultura...e investigar sobre a súa vida e accións máis importantes.</p> <p>Lectura Compartida.</p>	<p>4.1. Seleccionar a muller pioneira galega , chegando a acordos.</p>	<p>4.2. Lectura compartida para extraer as ideas principais da muller eleixida.</p>		
<p>5. Mapa mental e exposición do traballo realizado.</p>	<p>5.1. Elaboración do bosquejo do mapa mental.</p>	<p>5.2. Elaboración, preparación e exposición do mapa mental ao resto da clase sobre a muller eleixida.</p>		
<p>6. Cubrir o formulario na páxina do concello argumentando a proposta</p>	<p>6.1. Establecer acordos para cubrir o formulario.</p>	<p>6.2. Enviar o formulario ao concello.</p>		



### TAREFA 1: "IGUALDADE NAS RÚAS"

7. Organizar a escaleta e gravar a sección do programa de radio "A voz de Athenea".	7.1 . Elaborar a escaleta para a sección do programa de radio "A Voz de Athenea"	7.2. Gravar a sección "que está pasando"		
8. Cubrir o ticket de saída para contestar as preguntas "que aprendemos?", "que foi o que máis nos gustou?", "que pensamos que se pode mellorar?".	8.1 Facer unha asemblea en gran grupo para valorar a tarefa.	8.2. Cubrir o ticket de saída.		

## 4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECUSOS	TEMP.
<p><b>Círculos Proactivos</b> para a mellora da convivencia(Esta actividade realizase ao comezo de cada sesión).</p> <p>Día 1: Cal é o teu programa de radio favorito?</p> <p>Que é a radio para ti?</p> <p>Día 2:Coñeces alguna revista?Cal?</p>	AULA MULTIUSOS	Gran grupo	Pelota	15 mins



## TAREFA 1: "IGUALDADE NAS RÚAS"

Día 3: Quen che gustaría que escoitase o nosos programa de radio?  Día 4: A quen che gustaría ensinar a nosa revista?				
Esta actividade realizase en cada sesión despois de facer o círculo e ao rematar (metacognición):  En Gran Grupo Organización do <b>Panel SCRUM</b> : plan de traballo para o día.	AULA MULTIUSOS (zona asemblea)	Gran grupo	Panel scrum	20 mins.
<b>1.</b> Visita da concelleira de Igualdade que nos ensina a seguinte noticia "Tui busca nomes de muller para as súas rúas e espazos públicos" e solicita colaboración.  Rutina de Pensamento: ANTES PENSABA - AGORA PENSO	AULA MULTIUSOS (zona asemblea)	Gran Grupo	Concelleira de Igualdade	50 mins (1ª sesión)
<b>2.</b> Analizar o rueiro de Tui e clasificar as rúas segundo sexan nomes de home, muller ou outros.  Estructura cooperativa : Folio Xiratorio .	AULA MULTIUSOS (Zona de mesas)	Equipo base (Estructura cooperativa: Folio xiratorio.)	Rueiros de Tui	35 mins (1ª sesión)
<b>3.</b> Elaborar gráficas (analóxicas e /ou dixitais) segundo os resultados obtidos na actividade anterior.	AULA MUTIUSOS ( zona de mesas)	Equipo base	Tablets Policubos	55 mins (2ª sesión)



### TAREFA 1: "IGUALDADE NAS RÚAS"

<p>4. Seleccionar unha muller pioneira galega importante da historia, economía, movementos sociais, ciencia, cultura...e investigar sobre a súa vida e accións máis importantes.</p> <p>Lectura Compartida.</p>	AULA MULTIUSOS.	Equipo Base (Estructura Cooperativa: Lectura compartida )	Libros : Mulleres pioneiras 1 e 2.	30 mins (2ªsesión)
<p>5. Mapa mental e exposición do traballo realizado.</p>	AULA MULTIUSOS.	Equipo Base.	Materiais funxibles (cartolinas, rotuladores, lápiz de cores, tesoiras...) Tablets /Pantalla cromada.	85 mins (3ªsesión)
<p>6. Cubrir o formulario na páxina do concello argumentando a proposta</p>	AULA MULTIUSOS.	Equipo Base.	Tablets.	20 mins.  (4ªsesión)
<p>7. Organizar a escaleta e gravar a sección do programa de radio "A voz de Athenea".</p>	AULA MULTIUSOS. (Zona Radio)	Gran Grupo /Equipos Base	Escaletas Micrófonos.	40 mins (4ªsesión)



### TAREFA 1: "IGUALDADE NAS RÚAS"

8. Cubrir o ticket de saída para contestar as preguntas "que aprendemos?", "que foi o que máis nos gustou?", "que pensamos que se pode mellorar?".	AULA MULTIUSOS.	Gran Grupo e Individual	Tickets de saída	20 mins  (4ªsesión)

5. AVALIACIÓN			
ASPECTOS A AVALIAR		INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
ALUMNADO	TRABALLO EN EQUIPO	Rúbrica <i>(Instrumento 1)</i>	Observación directa
	APRENDIZAXES E HABILIDADES	Escalas de valoración <i>(Instrumento 2)</i>  Plan de equipo  Reflexión individual (autoavaliación)	Observación directa ,análise das producións e dos desempeños.  Análise do plan de equipo



### TAREFA 1: "IGUALDADE NAS RÚAS"

		(Instrumento 3)	
	PRÁCTICA DOCENTE	Lista de cotexo (Instrumento 4)	Reflexión individual (autoavaliación)
	DESEÑO DA TAREFA	Lista de cotexo (Instrumento 5)	Reflexión individual (autoavaliación)

## INSTRUMENTO 1: RÚBRICA. TRABALLO EN EQUIPO.

	4	3	2	1
<b>UTILIZA ESTRATEXIAS PARA TRABALLAR DE FORMA INDIVIDUAL E EN EQUIPO E RESPECTA OS COMPAÑEIROS/AS, O MATERIAL E AS NORMAS DE CONVIVENCIA</b>				
<b>1. ACEPTA E VALORA AS OPINIÓNS, IDEAS E CREACIÓNS DOS DEMAIS</b>	Acepta e valora as opinións, ideas e creacións dos demais aínda que sexan diferentes ás súas e procura incluílas no traballo.	Procura aceptar as opinións, ideas e creacións dos demais aínda que sexan diferentes as súas.	Cústalle aceptar as opinións dos demais pero móstrase aberto á reflexión con axuda dun adulto.	Cústalle aceptar opinións diferentes ás súas e non mostra interese por facelo.
<b>2. PARTICIPA NAS TAREFAS EN EQUIPO</b>	Esfórzase por participar de forma activa nas tarefas,	Esfórzase por participar de forma activa nas tarefas e	Esfórzase por participar de forma activa nas tarefas	Esfórzase por participar, de forma irregular e só en actividades do seu interese.



### TAREFA 1: "IGUALDADE NAS RÚAS"

	faino de maneira continuada e cunha actitude reflexiva.	faino de maneira continuada.	pero só en determinados momentos do proceso.	
<b>3. ASUME RESPONSABILIDADES E COMPROMISOS</b>	Esfórzase por asumir e cumprir a súa responsabilidade e compromiso e entende a súa importancia para o traballo en equipo.	Esfórzase por asumir a súa responsabilidade e compromiso en determinados momentos.	Amosa responsabilidade e compromiso co traballo de forma irregular.	Non sente nin asume a súa responsabilidade e compromiso como parte do traballo en equipo.
<b>4. COMPRENDE E PARTICIPA NAS DINÁMICAS DAS ESTRUCTURAS COOPERATIVAS</b>	Esfórzase por comprender e realizar as dinámicas de traballo correctamente e cumpre as normas.	Esfórzase por realizar as dinámicas de traballo correctamente e cumpre as normas.	Desenvolve as dinámicas de traballo pero non se esforza por manter unha actitude adecuada para facilitar o traballo en equipo.	Desenvolve as dinámicas de traballo de forma individual.
<b>5. APORTA OPINIÓNS E IDEAS AO TRABALLO</b>	Aporta opinións e ideas ao traballo, con interese e iniciativa.	Manifesta interese en aportar opinións e ideas ao traballo, cando se lle pide.	Amosa pouco interese por aportar opinións e ideas ao traballo.	Non amosa interese por aportar ideas e opinións ao traballo.
<b>6. ESCOITA CON ATENCIÓN AS APORTACIÓN DOS DEMAIS</b>	Escoita, entende e dá sentido ás ideas que expoñen outras persoas durante o traballo en equipo.	Escoita con atención as aportacións dos demais.	Escoita con atención unicamente cando lle interesa ou só en determinadas situacións.	Non amosa interese cara a escoita das aportacións dos demais.
<b>7. SOLICITA AXUDA CANDO O PRECISA E DÉIXASE AXUDAR. (PEDIR E RECIBIR - AXUDA CARA UN MESMO)</b>	Pide axuda cando a precisa e déixase axudar.	Pide axuda cando a precisa pero cústalle aceptala cando a recibe.	Pide axuda cando é moi necesario pero non lle gusta ter que facelo nin recibila.	Non pide axuda cando a precisa.

## INSTRUMENTO 2: ESCALA DE VALORACIÓN.

### ESCALA DE VALORACIÓN



**TAREFA 1: "IGUALDADE NAS RÚAS"**

ALUMNADO		4	3	2	1
Aprendizaxes – Habilidades					
NORMAS SOCIOCOMUNICATIVAS	Respecta as opinións dos demais.				
	Mira a quen fala nun intercambio oral.				
	Solicita a súa quenda de palabra cando quere falar.				
	Escoita aos demais cando están falando, sen interromper.				
	Mostra interese nos temas de conversa.				
COMPRESIÓN	Comprende de forma global a información recibida por vía escrita.				
	Comprende de forma global a información recibida por vía oral.				
EXPRESIÓN	Elabora mapas mentais sinxelos en base a información traballada.				
	Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións.				
	Presenta as producións con orde e limpeza en base a súa idade.				
	Utiliza elementos da comunicación verbal e non verbal.				
	Realiza pequenas exposicións orais coas axuda propias da súa idade.				
CONTIDOS	Identifica ideas claves dun tema partindo dun texto escrito e de información audiovisual.				
	Valora positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero.				







TAREFA 1: "IGUALDADE NAS RÚAS"



INSTRUMENTO 3: AUTOAVALIACIÓN.

NOME:	SEMPRE 	SEMPRE AÍNDA QUE ÁS VECES DESPÍSTOME 	ALGUNHAS VECES SI E OUTRAS VECES NON 	POUCO 
FIXEN AS TAREFAS CON BOA ACTITUDE 				
PEDÍN AXUDA CANDO A NECESITEI 				
AXUDEI AOS DEMAIS CANDO QUERÍAN AXUDAR 				



TAREFA 1: "IGUALDADE NAS RÚAS"

<p>ESCOITEI SEN MOLESTAR</p> 				
<p>ASUMÍN OS COMPROMISOS</p> 				

INSTRUMENTO 4

PRÁCTICA DOCENTE		
LISTA DE COTEXO	SI	NON
Deuse resposta ás principais necesidades do alumnado.		
Tívoise como principio base a atención á diversidade (intereses, ritmos de traballo, habilidades...).		
Fomentouse a motivación e implicación do alumnado nas actividades a través dunha linguaxe positiva.		
Conseguiuse a creación dun bo clima de traballo na aula.		
Mantívose unha colaboración e coordinación real entre o profesorado implicado.		



### TAREFA 1: "IGUALDADE NAS RÚAS"

Utilizáronse metodoloxías activas e participativas: estruturas cooperativas e dinámicas.		
Traballáronse valores como o esforzo, o respecto e a tolerancia.		
Implicouse ás familias no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.		
A temporalización das accións foi deseñada coa flexibilidade axeitada.		
Tívoise en conta a aparición de imprevistos na planificación e temporalización das actividades.		
Respondeuse ben aos imprevistos xurdidos no día a día.		
Realizouse unha valoración diaria ou semanal (de maneira informal) das actividades realizadas e dos aspectos de mellora.		
Construíronse os equipos cooperativos cos criterios propios da aprendizaxe cooperativa.		
Realizouse unha anticipación das tarefas a realizar a todo alumnado, en especial, ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.		
As actividades propostas resultaron atractivas e motivadores para o alumnado.		
O proceso de aprendizaxe resultou significativo para todas as persoas implicadas na tarefa.		
Dedicouse un tempo para a avaliación da aprendizaxe e da autoavaliación.		
O produto final da tarefa resulto significativo para o alumnado e a comunidade educativa.		
Elaboráronse alternativas de traballo para o alumnado por se fora preciso.		



## TAREFA 1: "IGUALDADE NAS RÚAS"



### INSTRUMENTO 5

PLANIFICACIÓN E DESEÑO DA TAREFA		
LISTA DE COTEXO	SI	NON
A tarefa está adaptada ás características e necesidades do contexto real da aula e respecta a atención á diversidade.		
As actividades deseñadas atópanse na Zona de Desenvolvemento Próximo (ZDP) do alumnado.		
Os obxectivos redactados foron os axeitados para poder ser acadados con éxito.		
Alcanzáronse os principais obxectivos propostos.		
Traballáronse todos os estándares de aprendizaxe seleccionados na planificación da tarefa.		
A avaliación integrouse como un elemento máis da aprendizaxe e non un elemento paralelo á mesma.		
Os instrumentos de avaliación resultaron prácticos e eficaces.		
Existe coherencia entre todos os elementos que compoñen a tarefa.		
Os recursos estipulados foron axeitados e de fácil acceso.		
A temporalización prevista axustouse á realidade.		
Foi necesario engadir algún elemento non previsto.		
Recolléronse propostas de mellora de forma práctica e eficaz.		
Está axustada á normativa vixente e ao Proxecto Educativo do centro.		
Existe claridade na linguaxe utilizada no seu deseño e planificación.		



## TAREFA 1: "IGUALDADE NAS RÚAS"

# ANEXO 1: PASO A PASO





## TAREFA 1: “IGUALDADE NAS RÚAS”

### VIDEO -RESUMEN DA TAREFA “IGUALDADE NAS RÚAS”

<https://www.youtube.com/watch?v=iiSo22Kf2ZY>